

**REUNIÓN XERENCIA - COMITÉS EMPRESA SOBRE AMPLIACIÓN DE  
LISTAS DE AGARDA\_ACTA N°16**

**ASISTENTES**

**UNIVERSIDADE DE VIGO**

**Xerenta:**

Raquel María Souto García

**Vicexerente de Recursos Humanos:**

José González Groba

**Xefe de Servizo de PAS**

José Fernández Viña

**Redacción da acta:**

Maria Isabel Fernández Uría

**COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA**

Marcos Estévez Orge (CCOO, presidente)

Alejandra Álvarez Silva (CCOO)

Alfonso Bascoy Fernández (CCOO) Escusa ausencia

Margarita Turnes (CCOO) Escusa ausencia

José Estévez Vázquez (CIG) Escusa ausencia

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Carlos Román Lago (CIG) Escusa ausencia

Pablo Álvarez Rodríguez(UGT)

Rita Velasco Graña(CCOO)

**COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE**

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

José Manuel García Eirín (CIG)

Rodrigo Alberte Pivida (CIG)

Carmen García Mejide (CIG) Escusa ausencia

César Gómez Gómez (CIG) Escusa ausencia

Os representantes dos Comités de Empresa do PAS Laboral mantiveron unha reunión coa Xerencia, o día 13 de maio de 2021 ás 12.30h na Sala 20 do Campus Remoto coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior.
2. Convocatorias de ampliación de listas de agarda das seguintes categorías:
  - a. TE de bibliotecas.
  - b. TE de animalario.
  - c. TE de actividades deportivas
3. Rolda de intervencións.

**1. Aprobación da acta da reunión anterior.**

A Xerenta dá lectura a unha alegación achegada, logo do acordo de todos os asistentes, apróbase a acta por unanimidade.

**2. Convocatorias de ampliación de listas de agarda das siguientes categorías:**

A Xerenta comeza dicindo que logo da reunión anterior e unha vez recibidas as propostas por parte dos comités, fixérонse algunas correccións nas convocatorias, e enviáronse de novo.

O Vicexerente de RRHH informa de que na convocatoria de TE Actividades Deportivas aceptáronse as alegacións achegadas polo CEPO. No que se refire a TE de Biblioteca consérvase o tema 9 por suxestión do Director da Biblioteca. Finalmente, en canto á convocatoria de TE de animalario explica os cambios achegados na proposta e os argumentos da Veterinaria.

Pablo Álvarez di que a proposta de TE de animalario lle parece axeitada pero, en TE de Bibliotecas parécelle excesivo, por exemplo incluír a Axenda 2030 no temario dunha lista de substitución de corta duración, debería axustarse aos coñecementos necesarios para traballar xa, e non a unha oposición. Respecto a actividades deportivas manifestou que había que restrinxir o temario aos deportes que efectivamente se realizan nas instalacións da universidade e eliminar puntos como o nove que é infinito.

Alejandra Álvarez fai referencia á proposta de TE de animalario xa que na anterior convocatoria, o proceso selectivo constaba de dúas probas eliminatorias e na actual consta dunha soa proba, o cal significa que está dividida en dúas partes e hai que aprobar as dúas para quedar en lista de agarda. Por outra banda, fai unha serie de apreciacións en relación aos temas 4, 8 e 9 do temario xa que na convocatoria actual hai temas con moita máis concreción que na anterior convocatoria.

A xerenta responde que o exposto se verá coa técnica ademais de ver a redacción deses temas na anterior convocatoria, xa que poida que non sexa necesario tanto concreción e abonde cuns temas máis xenéricos.

O Vicexerente de RRHH di, en relación coas probas, que tamén considera necesario que sexan dúas probas para poder contar cunha lista de agarda máis longa, de xeito que a persoa que supere a primeira proba, xa quede en lista de agarda.

O presidente do CEO en relación ao temario de TE do animalario di que está de acordo co exposto por Alejandra Álvarez. Polo que se refire ao temario de Biblioteca, semella un temario de oposición. Tanto a axenda 2030 como os tema 9 e 10 deberían eliminarse da convocatoria, polo que comparten o pedimento do CEPO. Por último, no que se refire ao temario de TE de deportes, non está de acordo con que se suprima o *Tema 9. Deportes alternativos e actividades na natureza* xa que considera que un TE de Actividades deportivas debe coñecer a parte de actividades na natureza.

O presidente do CEPO solicita que saia canto antes a convocatoria de TE de Actividades Deportivas. No que se refire á convocatoria de TE de Biblioteca insiste que o tema 9 non ten moito sentido xa que lista de agarda que se xere vai ter moi curta duración. Por último, en canto ao temario de TE de animalario, está de acordo con todo o exposto por Alejandra Álvarez, dado que é especialista nesa materia.

A Xerenta di que hai unanimidade na convocatoria de TE de Deportes e en TE de Bibliotecas, dado que a lista de agarda caducaría nun prazo relativamente curto, poderíase eliminar o Tema 9. En canto a TE de animalario estudaranse as suxestións de Alejandra para volver a achegar de novo a proposta de xerencia.

Conclúese que se aproba a convocatoria de TE de Deportes e a TE de Biblioteca eliminando o Tema 9, e tentarase publicar o antes posible.

### 3. Rolda de intervencións.

José M García Eirín di que ao persoal de Conserxería do Campus de Ourense lle están solicitando datos para incluílos no dominio da UVigo sen darles explicación de para que é.

A Xerenta responde que se falará co responsable dos servizos informáticos xa que na xerencia non hai constancia deste tema.


E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 13:45h.

A Xerenta



Raquel M. Souto García

O Presidente do CEPO



Marcos Estévez Orge

O Presidente do CEO



Luis Pérez Gómez

